



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela

Rúa Ulpiano Villanueva, 1-2
15705 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 554 710 Fax: 981 554 875
eoi.santiago@edu.xunta.es
<http://www.eoisantiago.org>



CONCURSO DE DOCES – CURSO 2018/19

BASES

1. Poderá participar todo o alumnado matriculado nesta escola durante o curso 2018/19. Os participantes poderán escoller unha receita do material existente na biblioteca da EOI ou traer unha receita propia.
2. O xurado estará composto por persoal do centro. O xurado avaliará a mellor receita e a mellor presentación do prato.
3. Haberá un premio ao mellor sabor e outro á mellor presentación. Tanto un como outro consistirán nun vale polo valor de 40 euros e unha camisola conmemorativa do certame aRi[t]mar.
4. Os participantes deberán presentar os seus pratos o xoves 20 de decembro do 2018 entre as 16.30h e as 17.00h na aula 7 da EOI. A cada prato asignaráselle un número para garantir o anonimato. Os doces a concurso deben vir acompañados da receita en galego e na lingua que se estea matriculado na EOI. O alumnado de español e galego poderá presentar a receita só en español ou só en galego, respectivamente.
5. O xurado degustará os pratos de 17.00h a 17.30h e fará as deliberacións respectivas a porta pechada.
6. Tras a deliberación do xurado faranse públicos e entregaranse os premios, á vez que se publicarán os fallos do concurso de Tarxetas de felicitación de Nadal. A continuación degustaranse os pratos entre todos os asistentes.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

- Rógase a maior puntualidade para a entrega dos pratos.
- Dous premios non poderán concorrer na mesma persoa.
- A escola publicará na web os nomes dos gañadores e as receitas correspondentes acompañadas de fotografías da actividade.
- A participación neste concurso implica a aceptación destas bases.

